Problemas que provoca a pesca IUU

A pesca IUU ocorre tanto en alta mar como en zonas costeiras, nas capturas de peixe ou na recollida de marisco.

Segundo a FAO, estímase que esta actividade ilegal podería representar o 30% das capturas totais dalgunhas pesqueiras e case 3 veces máis do volume permitido de capturas de certas especies.

Este tipo de pesca non soamente é un grave problema económico, senón que tamén é unha das maiores ameazas para os ecosistemas mariños.

Danos ecolóxicos:

· Perda ou abandono dos aparellos nos mares e océanos, dando lugar ao que se coñece como “pesca fantasma”: estes aparellos das artes de pesca seguen “pescando” a pesar de ser abandonados.

· Supervivencia dos caladoiros, pois a sobrepesca incontrolada pode producir a perda dunha especie.

Danos económicos:

· Competencia coa pesca legal por diminución de costes da pesca IUU.

· Evasión de impostos por parte das empresas piratas ou IUU.

Danos sociais:

· Aumento do risco sanitario para a poboación ao non pasar controis.

Aprendo na casa...

Clasifica os seguintes danos nas diferentes categorías:
descartes, evasión de impostos, sobrepesca, furtivismo, ausencia de controis sanitarios, pesca fantasma

Danos ecolóxicos	Danos económicos	Danos sociais

Solución

Danos ecoloxicocs: descartes, sobrepesca, furtivismo, pesca fantasma
Danos económicos: Furtivismo, evasión de impostos
Danos sociais: Ausencia de controis sanitarios

U6

A pesca sustentable

Interreg Atlantic Area
European Regional Development Fund
EUROPEAN UNION
SEATRACES
Tras la pista del pescado

U6

SUSTENTABILIDADE

Os mares e océanos proporcionan un recurso moi importante na nosa alimentación diaria, como é o peixe e o marisco. Estes produtos obtéñense grazas a distintas actividades mariñeiras que se atopan vinculadas á súa extracción, como a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Medio ambiente

Os recursos naturais son finitos, polo que debemos facer un uso racional dos mesmos e promover a súa conservación.

Economía

Promover economías que busquen un equilibrio para o seu crecemento económico, adoptando políticas de eficiencia e redución de consumo de recursos.

Sociedade

O desenvolvemento social debe buscar a cohesión entre as distintas culturas e comunidades, co obxectivo de alcanzar un nivel de calidade de vida, saúde e educación máis elevados.

A sustentabilidade no sector pesqueiro

O sector pesqueiro obtén os seus recursos e desenvolve gran parte da súa actividade directamente do medio natural. A sustentabilidade do sector basease en:

- **Xestión sustentable dos recursos pesqueiros**
- **Xestión sustentable dos hábitats mariños**

A xestión sustentable dos recursos pesqueiros e dos hábitats mariños conséguese con:

1. **Control da saúde das poboacións** mediante as cotas de pesca e as tallas mínimas das diferentes especies.
2. **Control de capturas incidentais** mediante o uso de redes apropiadas para cada especie, redes con sistemas de escape para determinadas especies ou elementos disuasorios para as aves mariñas.
3. **Control da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.**

A pesca IUU “Pesca Ilegal, non declarada e non regulamentada”

- Non cumpren as medidas de seguridade.
- Uso de artes de pesca ilegais.
- Non seguen as normativas de xestión pesqueira e tampouco cumpren coa normativa sobre cotas, zonas de veda e pesca, especies prohibidas ou talla mínima.